



ORDENANZA Nº 44.- Regulamento do servizo de limpeza e desinfección prestado a través do Centro de Limpeza e Desinfección de Vehículos e Medios de Transporte de Gando, situado en Xinzo de Limia.

PUBLICACION BOP 15/11/2011

Título preliminar

O transporte por estrada é a vía normal pola que se produce a circulación do gando de produción e dos seus alimentos, entre comunidades autónomas e no mercado intracomunitario. Por iso, o Estado establece uns requisitos básicos mínimos de aplicación a todo o territorio nacional, sobre as condicións de equipos e instalacións e funcionamento dos centros dedicados á limpeza e desinfección de vehículos para o transporte, no sector gandeiro, por estrada, de forma que permitan asegurar unhas condicións sanitarias mínimas adecuadas a estes.

Esta necesidade de limpeza e desinfección dos medios de transporte de animais, recóllese no artigo 49 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

A normativa básica estatal sobre esta materia establécese no Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprilos centros de limpeza e desinfección dos vehículos destinados ó transporte por estrada no sector gandeiro, (BOE n.º 312 do 30/12/2005), recentemente modificado polo Real decreto 363/2009, do 20 de marzo (BOE n.º 74 de 27/03/2009).

O Concello de Xinzo de Limia vén de asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural co obxecto de regula-la xestión do centro de limpeza e desinfección deste termo municipal para articular un sistema eficaz e eficiente para a xestión deste.

En virtude do referido convenio, o Concello de Xinzo de Limia asume a xestión do Centro de Limpeza e Desinfección de Vehículos e Medios de Transporte de Gando, situado en Xinzo de Limia.

As entidades locais teñen atribuída potestade regulamentaria, tal e como se recoñece expresamente no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dentro da cal se atopa comprendida tanto a aprobación de regulamentos como de ordenanzas municipais.

En virtude da expresada competencia municipal e en virtude da potestade regulamentaria igualmente recoñecida ás entidades locais, elabórase este regulamento, cuxo obxecto é regularo servizo de limpeza e desinfección prestado a través do Centro de Limpeza e Desinfección de Vehículos e Medios de Transporte de Gando, situado en Xinzo de Limia.



O servizo que é obxecto de regulación a través deste regulamento, poderá levarse a cabo de forma directa polo propio concello ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 85.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Pola prestación do servizo esixiranse as taxas previstas na ordenanza fiscal correspondente.

Título I.- Obxecto, forma de xestión e contraprestación pola prestación do servizo.

Artigo 1.-

1.1. Este regulamento ten por obxecto regula-lo funcionamento do servizo de limpeza e desinfección prestado a través do Centro de Limpeza e Desinfección de Vehículos e Medios de Transporte de Gando, situado en Xinzo de Limia, de acordo coas disposicións recollidas na normativa de aplicación.

1.2. A xestión do servizo poderase levar a cabo directamente polo Concello de Xinzo de Limia, ou ben a través das fórmulas de xestións indirecta previstas na normativa contractual de aplicación.

1.3. Pola prestación do servizo de limpeza e desinfección esixírase o aboamento da taxa correspondente regulada na ordenanza fiscal aprobada para os efectos.

Título II.- Obxectivos do centro de limpeza e desinfección.

Artigo 2.- Son obxectivos dos centros de limpeza e desinfección, entre outros, os seguintes:

- a) Previ-la posible transmisión de enfermidades mediante todo tipo de transportes.
- b) Engadir medidas de bioseguridade no proceso produtivo.

Título III.- Horarios de funcionamento do centro de limpeza e desinfección.

Artigo 3.- O servizo prestarase polo centro autorizado de Xinzo de Limia, de luns a venres, en horario de 8.30 a 13.00 horas, e os sábados que coincidan coa feira quincenal en Xinzo de Limia, de 8.30 a 12.00 horas.

Título IV.- Operacións de limpeza e desinfección.

Artigo 4.-

4.1. Na realización das operacións de limpeza e desinfección deberán respectarse, como mínimo, as normas que recolle o anexo II do Real decreto 1559/2005.

4.2. Así, durante as operacións de limpeza e desinfección deberán seguirse os seguintes pasos:
4.2.1. Actuacións preparatorias. O transportista deberá proceder a unha primeira eliminación da capa e do esterco do vehículo baleirándoo na fosa destinada para tal uso. Tamén deberá situa-lo vehículo na zona de lavado seguindo en todo momento as instrucións do operador da estación de



desinfección. O vehículo deberá estar sen gando no seu interior no momento do lavado e desinfección.

4.2.2. Primeira limpeza do vehículo mediante lavado con manguera de auga a presión suficiente para arrastra-los sólidos, que serán recollidos nun foso para a súa posterior eliminación ou aproveitamento. A temperatura ideal da auga para esta operación está entre os 38 e 46 °C. A limpeza con auga debe realizarse sempre comezando polo punto máis alto do vehículo e acabando polo máis baixo.

A limpeza con auga a presión debe realizarse sempre comezando polo punto máis alto do vehículo e acabando polo máis baixo.

4.2.3. Segunda limpeza, con auga quente a presión, de todo o vehículo, incluíndo rodas, baixos e carrozaría. A limpeza deberá realizarse cos elementos móbiles do vehículo desmontados: pisos, separadores, gaiolas... Co fin de optimiza-la limpeza é necesario engadir deterxente á auga de limpeza. A auga será recollida nun foso para a súa posterior eliminación ou aproveitamento.

4.2.4. Aclarado. É a última fase do proceso de limpeza, e prevé que o lixo se volva a depositar nas superficies limpas, tamén é necesario para elimina-los restos de deterxente que puidesen inactiva-los praguicidas-biocidas de uso gandeiro empregados posteriormente. Co fin de evita-la excesiva formación de espuma convén usar auga fría entre 7-13 °C.

4.2.5. Desinfección do vehículo mediante regado das partes externas e da zona habilitada para o transporte de gando, subproduto ou produto para a alimentación animal, con praguicida-biocida de uso gandeiro, adecuado segundo a especie animal, subproduto ou produto para a alimentación animal de que se trate, e a situación sanitaria da zona. Durante esta operación, os pisos da zona habilitada para o transporte de animais deben estar en posesión de carga. Tódalas áreas deberán quedar completamente desinfectadas, comezando dende o exterior do vehículo e traballando cara ó interior.

4.2.6. Tras todas estas operacións, débese limpar e desinfectar todo o equipo desmontable, e retira-lo vehículo para que se escorra e seque. Durante o inverno, deberá deixarse o vehículo en área protexida para asegurar que non quede auga estancada que poida conxelarse.

4.2.7. Precintado do vehículo. Unha vez desinfectado o vehí- culo, colocarase o oportuno precinto ou precintos sobre as portas ou elementos de acceso do gando, produtos para alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo. O precinto ou precintos deberán adaptarse á forma e condicións dos elementos en que se transporte, dentro do vehículo, o gando, os produtos de alimentación animal ou os subprodutos. No precinto deberá figura-lo número de rexistro oficial do centro e o número de precinto.

4.3. O percorrido do vehículo debe ser, preferentemente, cara a adiante, sen retroceder cara ás zonas sucias polas que pasou. O vehículo deber ir de zona sucia a zona limpa.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

4.4. O persoal do centro non deberá moverse directamente, sen toma-las medidas oportunas, da zona de limpeza á da desinfección de vehículos.

4.5. O emprego polos traballadores de equipos de protección individual realizarse de conformidade co disposto no Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ó emprego polos traballadores de equipos de protección individual.

Artigo 5.- No caso de aparición dunha epizootia poderán establecerse medidas complementarias para a limpeza e desinfección de acordo coas instrucións ditadas polo organismo estatal ou autonómico competente, así como adoptar similares medidas para os vehículos de transporte de produtos relacionados coa produción animal.

Título V.- Equipos e instalacións dos centros de limpeza e desinfección.

Artigo 6.-

6.1. Os equipos e instalacións dos centros de limpeza e desinfección empregaranse para limpar e desinfectalos vehículos dedicados ó transporte de gando por estrada e os vehículos de transporte de produtos para a alimentación animal, incluído, de se-lo caso, os produtos para a alimentación animal de animais de compañía ou domésticos.

6.2. Do mesmo xeito, poderán empregarse para limpar e desinfecta-los vehículos, contedores e recipientes dedicados ó transporte de subprodutos de orixe animal non destinados ó consumo humano, dentro do marco previsto no Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, e no Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002. Nestes supostos, os centros deberán cumpri-lo disposto na citada normativa en canto a recollida, transporte, almacenamento, manipulación, transformación e o emprego ou eliminación dos mencionados subprodutos.

6.3. Estes equipos e instalacións deberán reuni-los criterios mínimos fixados no anexo I do Real decreto 1559/2005.

Título VI.- Documentación.

Artigo 7.-

7.1. A realización das operacións de limpeza e desinfección en cada vehículo quedará xustificada mediante a emisión do certificado ou talón de desinfección no que figurarán como mínimo os datos que figuran no anexo III do Real decreto 1559/2005:

a) Número de certificado ou talón.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- b) Localización do centro de limpeza e desinfección (comunidade autónoma, provincia e municipio).
- c) Número de rexistro de inscrición do centro.
- d) Matrícula do vehículo.
- e) Nome, apelidos e DNI do titular do vehículo ou transportista.
- f) Praguicida-biocida de uso gandeiro empregado.
- g) Número de precinto.
- h) Data e hora de finalización das tarefas de limpeza e desinfección.
- i) No caso de vehículos de transporte de gando, número e código de autorización do vehículo.
- j) Certificado do responsable do centro de limpeza e desinfección (incluído o nome e apelidos do responsable) de vehículos de transporte por estrada no sector gandeiro, comprensivo que, na data e hora indicadas se procedeu no citado centro á limpeza e desinfección do vehículo, así como á colocación do precinto ou precintos sobre as portas ou elementos de acceso do gando, produtos para a alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo.
- k) Selo do cento.
- l) Lugar, data e sinatura.

7.2. Unha vez desinfectado o vehículo, colocarase o oportuno precinto ou precintos sobre as portas ou elementos de acceso do gando, produtos para a alimentación animal ou subprodutos, á estrutura de carga do vehículo.

O precinto ou precintos adaptaranse á forma e condicións dos elementos en que se transporte, dentro do vehículo, o gando, os produtos para alimentación ou os subprodutos.

No caso de transporte de gando, o certificado ou talón emitido polo centro de limpeza e desinfección terá validez dende o precintado do vehículo ata a finalización do primeiro traslado de gando posterior á rotura do precinto.

O transportista, polo menos durante o transporte e ata que efectúe a seguinte limpeza e desinfección, conservará o correspondente certificado ou talón de desinfección a disposición das autoridades competentes e materia de sanidade animal ou de tráfico e circulación de vehículos a motor por estrada.

Título VII.- Rexistro en soporte papel ou informático.

Artigo 8.-



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

8.1. Cada centro deberá levar un rexistro en soporte papel ou informático que deberá conservarse e manterse a disposición do órgano competente da comunidade autónoma, durante, polo menos, tres anos, e conterá os seguintes datos mínimos:

- a) Matrícula do vehículo (incluída, de se-lo caso, a do remolque).
- b) Data e hora de finalización das tarefas.
- c) Calquera observación ou incidencia apreciada durante as operacións de limpeza e desinfección.
- d) Praguicida-biocida de uso gandeiro empregado.
- e) Número do certificado ou talón expedido.

8.2. Do mesmo xeito, conservarase, a disposición do órgano competente da comunidade autónoma, polo menos, un ano, copia de cada certificado ou talón expedido.

8.3. Será o encargado ou responsable do centro de limpeza e desinfección que deberá encargarse de levar e manter actualizado o dito rexistro.

Título VIII.- Sistemas de xestión de residuos nos centros de limpeza e desinfección de vehículos.

Artigo 9.- Os residuos xerados polas instalacións son de diferentes características, polo que deberán dispor de distintos programas de xestión de residuos para o seu emprego ou a súa eliminación.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas outras disposicións regulamentarias aprobadas anteriormente por este concello que se opoñan ou que, de calquera modo, contradigan o disposto neste regulamento.

Disposición final.

Este regulamento entrará en vigor, unha vez que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.